



## “CRITERIOS DE BAREMACIÓN PARA A SELECCIÓN DE DOUS POSTOS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE INTERESE SOCIAL”

### PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E XUSTIFICACIÓN DA MESMA

1. O obxecto desta convocatoria é a selección de dúas persoas como persoal laboral temporal para a realización de traballos de interese social por un prazo máximo de nove meses de duración, para a realización de actuacións dentro do Servizo Municipal para Tarefas de Biomasa e outras de Valorización Forestal, de conformidade coa subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade, Servizo de Emprego e Economía Social, por Resolución de data 27.05.2021, para o Fomento do Emprego no Medio Rural (APROL RURAL).

- 2 Peóns.

As funcións a desenvolver serán fixadas polo Alcalde e terán en todo caso interese social. O ámbito de actuación será o municipal segundo as necesidades que se fixen en cada momento.

Deberán ter plena dispoñibilidade segundo as necesidades do servizo.

O contrato a formalizar é de duración determinada na modalidade de obra ou servizo e a tempo completo e deberá conter a cláusula específica de traballos de interese social. No contrato de traballo formalizado establecerase un período de proba de 15 días.

As retribucións brutas mensuais individuais ascenden a 1.108,70€ incluída o prorrata das pagas extras.

2. De conformidade co artigo 50 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, e en coherencia coa necesidade urgente que marca a concesión de subvención, o procedemento tramítase de urgencia, que en todo caso garante suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade de obrigado cumprimento.

### SEGUNDO.- TIPO E DURACIÓN DA PROVISIÓN

Os/as aspirantes que, tralo remate do proceso selectivo, obteñan a maior puntuación serán propostos polo tribunal de selección para a súa contratación.



Os contratos de traballo subscritos extinguiranse, en todo caso, coa realización das actuacións que motivan a subvención mencionada que están fixadas nun prazo máximo de ata 9 meses.

### TERCEIRO.- SISTEMA SELECTIVO

A selección realizarase mediante a presentación de oferta de emprego perante a Oficina Pública de Emprego correspondente, tal e como esixe o artigo 14 das bases que regulan a orde de subvención, e sobre todo atendendo aos criterios de preferencia establecidos na orde de convocatoria de subvención que se reflexan nos seguintes criterios de baremación, recaendo neste Concello a competencia para efectuar a selección entre eles.

Os anteditos criterios para a baremación dos candidatos, publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello: <https://vianadobolo.gal>

### CUARTO.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta selección de persoal:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
- Posuér a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrollo das funcións.
- Ter cumplidos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Figurar como desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Será preciso presentar informe actualizado do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego e duración da mesma.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Pùblicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- No caso de mulleres vítimas de violencia de xénero, menores de 30 anos en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen

ALCALDIA  
Número: 2021-0165

Data: 16/06/2021



Cod. Validación: 602ZHRV4F6GSHQQLW7ZHWC4M7J | Corrección: <https://vianadobolo.sedelectronica.gal/>  
Documento áshado electrónicamente desde a plataforma Xestiona esPùblico | Páxina 2 a 7

cualificación profesional, persoas paradas de longa duración, persoas con discapacidade, persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito, persoas desempregadas maiores de 45 anos, integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, deberán acreditar a súa condición.

2. Os anteriores requisitos deberán reunirse en todo o proceso selectivo.

3. Os/as traballadores/as que sexan contratados/as por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2018 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, NON PODERÁN SER CONTRATADOS/AS ao abeiro do establecido no artigo 14.2 da orde de convocatoria.

## QUINTO.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

A orde de convocatoria de subvención establece no seu artigo 14.3. que a entidade beneficiaria da subvención solicitará os traballadores e traballadoras que necesite mediante presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados e respectando a preferencia establecida no artigo 14.5 da Orde de convocatoria de subvención.

### **A documentación que se deberá achegar xunto coa instancia de solicitud (ANEXO I) en todo caso será a seguinte:**

1. Solicitud (Anexo I), adxunto as bases.
2. Anexos facilitados para a presentación de documentación (Anexo II, III e IV a elección do candidato, sendo perfectamente válido calquera outro documento que xustifique as condicións de admisión dos aspirantes).
3. Copia do Documento Nacional de Identidade, ou pasaporte.
4. Informe de vida laboral / Informe negativo de afiliación.
5. Informe actualizado facilitado pola Oficina de Emprego no que conste a súa condición de persoa inscrita como demandante de emprego non ocupada dispoñible para o emprego, e a duración da mesma.
6. As declaracóns de incompatibilidades recollidas no Anexo II, o documentos que o/a candidato/a estime necesarios para a valoración dos requisitos esixidos.

**ALCALDIA**

Número: 2021-0165 Data: 16/06/2021



Cod. Validación: 6GZHRV4F6SSHQCLW7ZHWC4M7J | Correción: https://vianadobolo.sedelectronica.gal/  
Documento assinado electrónicamente desde a plataforma Xestiona espÚblico | Páxina 3 a 7

7. Documentos probatorios de non percibir ningún tipo de prestacións económicas ou declaración xurada no seu defecto.
8. Carta de presentación na empresa enviada como candidato pola Oficina de Emprego.
9. E a documentación acreditativa que se estime oportuna para xustificar segundo a fase de valoración de concurso de méritos (Sétimo criterio).

No caso de presentar a instancia de solicitude, entenderase que os/as candidatos/as aceptan e acatan todos e cada un dos criterios recollidos nesta convocatoria.

No caso de non presentar a instancia de solicitude xunto coa documentación obligatoria no prazo establecido para elo, entenderase que o/a candidato/a non está interesado/a no posto ofertado.

O tribunal constituído para tal fin, valorará aos candidatos propostos pola Oficina de emprego e procederá á súa contratación.

## SEXTO.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. O tribunal cualificador designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e en base ó establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia) estará integrado polos seguintes membros:
  - Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un empregado público pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida.
  - Vogais (titulares e suplentes): Dous empregados públicos pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida.
  - Secretaria/o (titular e suplente): un empregado público pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida, que actuará con voz pero sen voto.
  - Representante sindical que actuará como observador no tribunal de selección con voz pero sen voto.
2. O tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de dous de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.
3. Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorra alguma das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 de Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes

ALCALDIA  
Número: 2021-0165

Data: 16/06/2021



Cod. Validación: 602ZHRV4FGSHQQQLW7ZIWCM7J | Corrección: https://vianadobolo.sedelectronica.gal/  
Documento assinado electronicamente desde a plataforma Xestiona esPúblico | Páxina 4 a 7

poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5. O tribunal non poderá declarar que superaron a puntuación máxima un número superior de aspirantes ó da praza convocada.

No caso de consideralo necesario, o Tribunal poderá recadar axuda de asesores, os cales terán voz pero non voto, limitándose a cumplir a función para a que no seu caso sexan designados, asesorando ao Tribunal no momento e sobre as cuestións que especificamente este lle expoña.

## SÉTIMO.- FASE DE VALORACIÓN DE CONCURSO DE MÉRITOS (10 puntos)

Preferencia os colectivos desfavorecidos que figuran no artigo 14.5 da Orde de convocatoria de subvención, so no caso de que non haxa persoas destes colectivos, serán valorados os outros demandantes de emprego.

### 1.-SITUACIÓN DE DESEMPEÑO (puntuación máxima 4 puntos)

Pola inscrpción acreditada como demandante non ocupado e estar dispoñibles para o emprego 0,10 puntos/mes ata o máximo indicado.

Aos efectos do cálculo, terase en conta o tempo que transcorre dende a última data de alta no SPEG e que figure no informe ou certificado facilitado pola Oficina de Emprego correspondente, convertendo a meses.

Será preciso presentar informe actualizado do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego e duración da mesma.

### 2.-FORMACIÓN: (puntuación máxima 3 puntos)

- Titulación oficial relacionada co posto: 1 punto
- Cursos impartidos por centros oficiais ou organizados ou impartidos por centros de formación dependentes das administracións públicas, e sempre relacionada co posto de traballo e funcións a desempeñar:
  - Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos
  - Cursos de 20 a 50 horas: 0,25 puntos
  - Cursos de 50 a 100 horas: 0,50 puntos
  - Cursos de máis de 100 horas: 0,60 puntos.

A formación acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas do curso de formación. De non establecerse o número de horas non se valorará a formación.

ALCALDIA

Número: 2021-0165 Data: 16/06/2021



Cod. Validación: 6QZHRV4F6GSHQQLW7ZHWC4M7J Correción: https://vianadobolo.sedelectronica.gal/ Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Página 5 a 7

Non serán obxecto de valoración as certificacións de academias privadas se non se xustifica a preceptiva homologación. Non se valoran xornadas, conferencias, seminarios etc.

A compulsa da antedita documentación, realizaráselle aos aspirantes que resulten seleccionados.

### **3.-CARGAS FAMILIARES.** (Puntuación máxima de 2 puntos)

Enténdese por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que opta o posto:

- Cónxuxe ou parella de feito: 1,25 puntos.
- Fillos/as menores de vinte e seis anos, ou maiores con discapacidade, ou menores en acollemento: 1,25 puntos.
- Persoas maiores incapacitadas e ata un máximo de 2 persoas: 1,25 puntos.

**Esta acreditación de méritos será imprescindible entregala no momento da solicitude para a súa posterior valoración polo tribunal, e deberá estar suficientemente xustificada de modo que non xere lugar a erro de interpretación.**

### **4.-Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero:** 1 punto

#### **OITAVO.- CONTRATACIÓN**

A proposta do tribunal cualificador será publicada no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

Os aspirantes que resulten seleccionados deberán presentar antes da formalización do contrato a seguinte documentación:

-Certificado médico ou informe médico de non padecer enfermidade ou limitación e defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo.

- A documentación (orixinal) da presentada para a valoración dos méritos alegados para a súa compulsa.

Ata que se formalicen os contratos e se incorporen os traballadores os postos estes non teñen dereito a percepción económica algúna.

A proposta elevarase á Alcaldía para que, proceda a contratación dos aspirantes.

#### **NOVENO.- BOLSA DE TRABALLO**

Confeccionarase unha bolsa de emprego coa relación de aspirantes admitidos e presentados no proceso selectivo (excluídos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzcan, baixas ou renuncias dos seleccionados/as.

A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación acadada.

**ALCALDIA**  
Número: 2021-0165 Data: 16/06/2021



Esta bolsa estará vixente únicamente durante o tempo permitido na orde de convocatoria de subvención.

## DÉCIMO.- DURACIÓN, XESTIÓN E REVOCACIÓN DOS NOMEAMENTOS OU CONTRATACIÓNS.

A duración da contratación laboral deste proceso de selección será como máximo de nove meses.

## DÉCIMO PRIMEIRO.- INTERPRETACIÓN DESTES CRITERIOS

O Tribunal queda autorizado para resolvelas dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para o mellor desenrolo do proceso selectivo en todo ó non previsto nestes criterios de baremación, que estarán sempre de acordo coa Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 e, ante calquera dúbida, recorrerase á devandita Orde.

## DÉCIMO SEGUNDO.- RECUROS

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o que non esté previsto expresamente nestes criterios de baremación.

Asemade a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

Os presentes criteiros e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Tocante ao non previsto nestes criterios, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

En Viana do Bolo, o 15 de xuño de 2021

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso

Asinado electrónicamente á marxe.

Número: 2021-0165 Data: 16/06/2021

ALCALDIA

Cod. Validación: 6QZIRY4F6GShIQQLVNZHWC4M7J Correción: <https://vianadobolo.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7



## ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección como persoal laboral temporal, de dous peóns forestais para a realización de traballos de interese social por un prazo máximo de nove meses de duración para a realización de actuacíons dentro do Servizo Municipal para Tarefas de Biomasa e outras de Valorización Forestal, de conformidade coa subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de chamamento da Oficina de Emprego de Viana do Bolo.

**DECLARA** que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Viana do Bolo e as especialmente sinaladas na convocatoria.

DNI: \_\_\_\_\_ NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

TELÉFONO DE CONTACTO CON PREFIXO/TELÉFONO MÓBIL: \_\_\_\_\_

CORREO ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

DOMICILIO ENDEREZO: \_\_\_\_\_

CONCELLO CÓDIGO POSTAL PROVINCIA: \_\_\_\_\_

....., ..... de ..... de 2020.

(SINATURA)

**A documentación que se deberá achegar xunto coa instancia de solicitude (ANEXO I) en todo caso será a seguinte:**

1. Solicitud (Anexo I), adxunto as bases.
2. Anexos facilitados para a presentación de documentación (Anexo II, III e IV a elección do candidato, sendo perfectamente válido calquera outro documento que xustifique as condicións de admisión dos aspirantes).
3. Copia do Documento Nacional de Identidade, ou pasaporte.
4. Informe de vida laboral / Informe negativo de afiliación.
5. Informe actualizado facilitado pola Oficina de Emprego no que conste a súa condición de persoa inscrita como demandante de emprego non ocupada dispoñible para o emprego, e a duración da mesma.
6. As declaracíons de incompatibilidades recollidas no Anexo II, o documentos que o/a candidato/a estime necesarios para a valoración dos requisitos esixidos.

---

**Concello de Viana do Bolo.**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120.

7. Documentos probatorios de non percibir ningún tipo de prestacións económicas ou declaración xurada no seu defecto.
8. Carta de presentación na empresa enviada como candidato pola Oficina de Emprego.
9. E a documentación acreditativa que se estime oportuna para xustificar segundo a fase de valoración de concurso de méritos (Sétimo criterio).

**PROTECCIÓN DE DATOS:** De acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informámosselle de que os seus datos persoais forman parte dun ficheiro, cuxo responsable é o Concello de Viana do Bolo, con domicilio social en Rúa Constitución, 14, 32550 Viana do Bolo (Ourense). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a correcta xestión dos servizos que presta o concello. Se o deseixa poderá exercita-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ó enderezo sinalado, achegando unha fotocopia do seu DNI. Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a/ou cualificación de probas e avaliacián dos candidatos, así como a provisión de postos e confección da bolsa de emprego (de ser o caso).

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan obxecto de exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello así como na súa páxina web, aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección.

**ANEXO II**  
**DECLARACIÓN DE INCOMPATIBILIDADES**

D/Dona \_\_\_\_\_ con  
data de nacemento \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ e con domicilio en  
\_\_\_\_\_  
(teléfono \_\_\_\_\_; correo electrónico \_\_\_\_\_) ante  
o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Viana do Bolo,

**DECLARO** baixo a miña responsabilidade,

Primeiro.- Non estar afectado/a por ningún motivo de incompatibilidade, aos efectos previstos no artigo dez da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Segundo.- Non vir desempeñando ningún posto o actividade no sector público nin realizo actividades privadas incompatibles ou que requiran recoñecemento de compatibilidade, aos efectos do artigo 13.1 do Real Decreto 598/85, de 30 de abril.

Terceiro.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Cuarto.- Non padecer enfermidade ou limitación e defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes ó posto de traballo.

E para que conste aos efectos de solicitude do/s posto/s de traballo ofertados, firmo a presente declaración, en \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021.

Asdo.: \_\_\_\_\_

---

**Concello de Viana do Bolo.**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120.



### ANEXO III

#### DECLARACIÓN XURADA SOBRE INGRESOS ECONÓMICOS

D/Dona

\_\_\_\_\_ con data de  
nacemento \_\_\_\_\_ con DNI nº/NIE/Pasaporte nº. \_\_\_\_\_  
e con domicilio en \_\_\_\_\_  
(teléfono \_\_\_\_\_; correo electrónico \_\_\_\_\_)  
ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Viana do Bolo,

#### **DECLARO baixo a miña responsabilidade,**

1. Que o número de membros da miña unidade familiar é de \_\_\_\_\_
2. Que os ingresos totais da miña unidade familiar ascende na actualidade a \_\_\_\_\_ € ao ano, incluídos os ingresos procedentes de rendas ou calquera outro tipo de ingresos que puidera percibir.
3. Que non son perceptor/a de ningún tipo de prestación incompatible que me impida participar no presente procedemento de selección.
4. Que todos os datos contidos tanto na solicitude como na documentación achegada son certos.

E para que conste asino a presente declaración, en \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_\_  
de \_\_\_\_\_ de 2021.

Asdo.: \_\_\_\_\_

---

**Concello de Viana do Bolo.**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120.



#### ANEXO IV

### DOCUMENTOS ÓS EFECTOS DA SÚA VALORACIÓN NA FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS, SEGUNDO O ESTIPULADO NA BASE SÉTIMA

D/Dona \_\_\_\_\_ con  
data de nacemento \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ e con domicilio en  
\_\_\_\_\_  
(teléfono \_\_\_\_\_; correo electrónico \_\_\_\_\_ )  
ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Viana do Bolo, ACHEGO a seguinte  
documentación:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.

En \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021.

Asdo.: \_\_\_\_\_

---

**Concello de Viana do Bolo.**

Rúa Constitución, 14. Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120.

